

Normas Xerais para o uso do Espazo de Lecer

- A participación no Espazo de Lecer é totalmente gratuíta.
- Serán destinatarios as nenas e nenos de idades comprendidas entre os 3 e os 8 anos.
- O número máximo de participantes por quenda será de 15.
- O horario de apertura é os sábados, domingos e festivos de 11:00 a 14:00h e de 16:00 a 19:00h.
- A entrada ó espazo desenvolverase por estrita orde de chegada ata completar o aforo máximo e o tempo máximo de permanencia para cada participante é de 90 minutos.
- Para a participación no Espazo é obrigatorio firmar a autorización que se porá a dispoñibilidade do pai, nai ou titor/a o primeiro día. A partir de entón, o participante contará cun carné de socio do Espazo de Lecer. A entrada e saída do participante deberá ser asinada polo adulto acompañante.
- A partir dos luns (incluídos) poderase reservar prazas de maneira presencial na recepción do centro ou a través do correo electrónico vellocarcere@lugo.gal.
- Todos os/as nenos/as socios do Espazo poderán participar nas súas actividades previa inscrición.
- Os/as participantes comprométese en todo momento a gardar respecto aos seus compañeiros e compañeiras, especialmente aos monitores/as, para o desenvolvemento correcto das actividades.
- Os pais, nais e titores/as comprométese a aceptar e cumprir as normas que regulan estas actividades. Así mesmo, asúmese, as responsabilidades que poidan derivarse das accións do seu fillo/a ou titorado, respondendo chegado o caso, a asumir os danos ocasionados por este/a.
- As actividades serán dirixidas en todo momento polos monitores/as, que son quen as desenrolan.
- Os/as monitores/as responsables NON obrigarán, en ningún caso, a participar ou permanecer nas actividades aos participantes, xa que as mesmas son totalmente voluntarias.
- Os/as nenos/as terán que ser autónomos a hora de ir o baño, os/as monitores/as acompañarán aos participantes ao baño cando o necesiten sempre que os pais, nais ou titores/as dean o seu consentimento na ficha de inscrición. En caso contrario, deberán estar dispoñibles no Centro Sociocultural O Vello Cárcere.
- É obrigatorio respectar en todo momento as instalacións do Centro Sociocultural O Vello Cárcere, especialmente todas as obras e exposicións existentes así como as actividades que se estean a levar a cabo nas instalacións.